Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

# Programación

# LOMCE

# CURSO 2022 - 2023

RELIXIÓN CATÓLICA

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

IES A Basella. VILANOVA de AROUSA

**Departamento de Relixión**

**Xefe departamento: Mª de los Dolores Sobrino Butragueño**

## ÍNDICE


| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | | INTRODUCCIÓN | 4 |
| 2 | | | MARCO LEGAL | 7 |
| 3 | | | CONTEXTO | 8 |
| 4 | | | CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE | 10 |
| 5 | | | CONCRECIÓN PARA O CURSO | 11 |
| | 5.1 | | 2º ESO | 21 |
| | 5.2 | | 4º ESO | 38 |
| | 5.3 | | Bacharelato | 55 |
| | | 5.3.1 | 2º Bacharelato | 59 |
| 6 | | | PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 67 |
| | 6.1 | | 2º ESO | 67 |
| | 6.2 | | 4º ESO | 69 |
| | 6.3 | | 2º Bacharelato | 72 |
| | 6.4 | | Organización do alumnado coa materia pendente | 75 |
| | 6.5 | | Avaliación inicial | 76 |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal


| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 6.6 | | Actividades para o periodo entre a 3ª avaliación e a avalición final na ESO | 77 |
| 7 | | | CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS | 77 |
| 8 | | | MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS | 78 |
| 9 | | | ATENCIÓN A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS DE APOIO EDUCATIVO | 82 |
| | 9.1 | | Medidas ordinarias de atención á diversidad | 83 |
| | 9.2 | | Medidas a nivel curricular | 84 |
| 10 | | | CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS | 85 |
| 11 | | | CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO | 87 |
| 12 | | | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 93 |
| 13 | | | METAAVALIACIÓN | 94 |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 1.- INTRODUCCIÓN

A **formación relixiosa** no currículo escolar **non depende da confesionalidade** ou non do estado pois é un **dereito** fundamental da persoa recollido na **Constitución**: *Os poderes públicos garantirán o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea dacordo coas súas conviccións.* (Art. 27.3.1978)

A **liberdade relixiosa** de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a **Constitución Española** non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante "dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións" no **artigo 27.3**. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

A **relixión** é un **fenómeno** integrante da **vida** e a **historia** das **sociedades** humanas e unha **clave esencial** da súa cultura. Tamén hoxe, nas sociedades nas que domina unha cultura secularizada, pluralista e científico-técnica, a relixión é un feito real e significativo para amplos sectores sociais e unha referencia básica para a interpretación da nosa civilización occidental. Por iso é unha **materia imprescindible** para coñecer a **idiosincrasia dos pobos** e para **profundizar** no que é o **ser humano,** na súa historia persoal e colectiva.

As e os **docentes** necesitamos, como calquera outro profesional, **planificar** a nosa actividade**.** Esta planificación resulta imprescindible, por un lado, para cumprir co estipulado por instancias superiores e contextualizalo no noso entorno, e, por outro, para alonxarse do

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal
intuicionismo e da improvisación.

**Programar** é responsabilizarnos da parcela que nos corresponde do proceso Educativo, é "un conjunto de decisiones adoptadas por el profesorado de una especialidad en un centro educativo, al respecto de una materia o área y del nivel en el que se imparte, todo ello en el marco del proceso global de enseñanza-aprendizaje"

Neste marco a materia de **relixión católica é unha disciplina equiparable ao resto das materias**, con rigor científico, que se presenta como opción libre para os alumnos e obrigatoria para os centros. Especificamente ten como obxectivo unha educación de calidade (desde a proposta duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo) e unha formación integral do educando (facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria).  A educación dos nosos rapaces quedaría mermada de non axudarlles a desenvolver todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales atópase, dun xeito constitutivo, a capacidade transcendente que é básica na persoa e adquire o seu auténtico cumprimento na procura do sentido último da vida.

En conclusión, o currículo da opción confesional católica que é a base desta programación didáctica arguméntase por as diversas motivacións sinaladas, en catro grandes dimensións:

- **Dimensión científica**: No seu estatuto epistemolóxico orixinal a opción relixiosa católica entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueles outros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola. Preséntase no ámbito escolar co carácter científico co que se abordan, na cultura universitaria, as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cun fundamento e un método científico propios, implantados con rigor e tradición nos Estados da nosa contorna cultural.
- **Dimensión cultural e histórica**: Ensina a incidencia que o cristianismo, nos seus contidos doutrinais e as súas formas históricas, ten na cultura galega, española e europea. O patrimonio cultural, histórico e antropolóxico que a sociedade galega recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos dando abondosos froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social.

- **Dimensión humanizadora**: O ensino relixioso católico constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que permiten ao alumno dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, axudándolle  a atopar as respostas que poderá asumir como opción libre e persoal. Aporta unha cosmovisión que fai posible a apertura cara o sentido último da vida e, xa que logo, ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana facéndoa libre e creativa.
- **Dimensión ética**: Expón as invitacións morais que contén a mensaxe cristiá como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo. Ofrece un xeito de ver a vida onde atopar un concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas e a proposta dunha escala de principios e valores. Axuda a fundamentar os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 2.- MARCO LEGAL

Este curso escolar entran en vigor diversos aspectos da nova **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, pola que deroga a lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro (LOMCE) e modifica a lei orgánica do 2/2006 do 3 de maio. Entre outras novidades se implantarán as modificacións introducidas na avaliación e promoción de etapas, as condicións de acceso as diferentes ensinanzas etc.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

O **Acordo Internacional** que subscribiu o **Estado Español coa Santa Sé** sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o *3 de xaneiro de 1979,(art. 6)* así coma o *Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, (disposición adicional terceira)* indican que a determinación do **currículo** do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu Acordos de Cooperación en materia educativa será competencia da xerarquía eclesiástica e das correspondentes **autoridades relixiosas.**

No BOE número 47, de 24 de febreiro de 2015, publicouse a *Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria.* Ademais, no mesmo BOE publicouse tamén a *Resolución de 13 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino de Relixión Católica de Bacharelato.*

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

Esta programación é desenvolvida, consecuentemente, segundo as orientacións da Comisión Episcopal correspondente que dispuxo catro bloques de contidos os cales se espallan aquí en tres avaliacións para cada un dos niveis do centro

## 3.- CONTEXTO

O **centro** ó que vai dirixida esta programación é o I.E.S A Basella, situado no concello de Vilanova de Arousa.

A **situación familiar** da maioría do alumnado do centro corresponde o modelo de familia nuclear, sen embargo, cada vez será maior o número de alumnos/as con un so dos proxenitores  e algúns outros que conviven en entornos e situacións potencialmente problemáticos; O **nivel sociocultural** do alumnado e os seus proxenitores é medio, hai que destacar que este nivel sociocultural vai aumentando dependendo da etapa educativa, sendo maís elevado nos cursos de bacharelato que na ESO. Conviven no centro estudantes que seus pais e nais teñen escasos estudos con outros con carreira universitaria. O alumnado **procederá** xeralmente das escolas públicas do entorno, chegando a ser uns 500 alumnos/as. Hai que destacar a grande cantidade de alumnado que ven de centros públicos e sobre todos concertados do entorno a estudar o bacharelato.

No **entorno** do I.E.S o alumnado conta con: un centro cívico que inclúe unha biblioteca.

O **centro,** seguindo as directrices do *R.D 132/2010, de 12 de Febreiro,* polo que se establecen os **requisitos mínimos** dos Centros que impartan ensinanzas de Réxime Xeral non Universitarias, conta físicamente con, aulas xenéricas, cunhas dimensións suficientes para albergar a 30 alumnos e outras máis reducidas para os posibles desdobres necesarios en certas asignaturas; tamén aulas específicas (tecnoloxía, música, laboratorios…) un Salón de actos, moi utilizado pola comunidade educativa, e dúas aulas de informática; que contan ámbalas dúas cos medios tecnolóxicos e audiovisuais máis actuais. Tódalas aulas

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

teñen canóns, pizarras dixitais e cunha biblioteca dotada cos recursos bibliográficos e tecnolóxicos suficientes para o desarrollo de calquera actividade programada polo profesorado e solventalas dudas que lles poidan xurdir ós alumnos/as no proceso de ensinanza-aprendizaxe

En cuanto as instalacións xerais, contamos cun ascensor, baños, ramplas e aparcamento propio adaptados para as persoas (tanto alumnado como profesorado) con deficiencias físicas; un aula de orientación e apoio para os que presenten deficiencias de aprendizaxe, e por suposto, os diferentes departamentos didácticos asemade outras salas necesarias para unha completa labor educativa.

As **aulas** nas que levarei a cabo a miña actividade, serán nos dous andares do edificio, están dotadas todas dun ordenador, encerado e mesas e cadeiras para tódolos alumnos/alumnas.

Ademais terá en conta o Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de Abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Con respecto ó **organigrama do centro**, e baseándose no *R.D 83 /1996, de 26 de Xaneiro,* polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria; componse de:

.- Equipo directivo: Directora, Vicedirector, Secretaria, Xefa de estudos

.- Consello Escolar (máximo órgano colexiado dos centros públicos) coas súas comisións: Comisión da Biblioteca Escolar e Comisión Económica

.- Observatorio da Convivencia Escolar

.- Departamento de Orientación

.-Departamento de actividades extraescolares o complementarias: dirixido polo Vice director

.- Departamento de Dinamización lingüística

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

.- Comisión da Coordinación Pedagóxica

.-Claustro de Profesores; organizados nos distintos departamentos

Este **curso 2022/2023**, despóis de dous anos de pandemia volvese a normalidade nas aulas é no funcionamento do centro.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 4.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A ensinanza da Relixión Católica na escola atense á finalidade propia de esta , que é a **formación plena do alumnado** mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e no seu desenrolo.

As propostas da ERE contribúen en se mesmas a unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano, que fai posible a formación integral. Con todo, as competencias clave como son persoais, culturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística, adquiren neste área elementos básicos para a súa adquisición ó longo da ESO.

*O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia,* expón as seguintes competencias clave :

1ª) Comunicación lingüística (CCL)

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

3ª) Competencia dixital (CD)

4ª) Aprender a aprender (CAA)

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O carácter integrador da materia de Relixión Católica fai que a súa aprendizaxe axude á adquisición das competencias clave. Os catro bloques que compoñen esta materia inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta suscita. Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recurso, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa educativa. Desenvólvense así, xa que logo, ditas competencias:

A competencia lingüística**,** posto que propón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, como instrumento de aprendizaxe e ademais a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa

precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxico e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes**.** Así mediante as súas propostas de traballo, as súas actividades e os seus recursos fomenta a escoita e a conversación consciente dos principais tipos de interacción verbal, a comprensión e a comunicación, e promove o feito de saber verbalizar conceptos, expoñer ideas e opinións, redactar un escrito e expoñer un argumento.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímaa adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescíndese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade ao enriquecemento do noso patrimonio cultural.

A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, xa que logo, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

En canto aos contidos procedimentais, a materia de relixión católica forma de xeito transversal unha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos procedimentais adquírense ao longo do desenvolvemento curricular, colaborando así na consecución das competencias asignadas aos currículos da ESO e Bacharelato. Concretamente os contidos procedimentais de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| COMPETENCIA | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|
| Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía | Coidado do medio e dos seres vivos | - Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.<br>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.<br>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.<br>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura. |
| | Vida saudable | - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.<br>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| | A ciencia no día a día | - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).<br>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso arredor e responder preguntas. |
| | Manexo de elementos matemáticos | - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.<br>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.<br>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática. |
| | Razoamento lóxico e resolución de problemas | - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.<br>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.<br>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| Comunicación lingüística | Comprensión: oral e escrita | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Manter unha actitude favorable cara á lectura. |
| | Expresión: oral e escrita | - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.<br>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario. |
| | Normas de comunicación | - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas. |
| | Comunicación noutras linguas | - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.<br>- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.<br>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.<br>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| Competencia dixital | Tecnoloxías da información | - Empregar distintas fontes para a busca de información.<br><br>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.<br><br>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. |
| | Comunicación audiovisual | - Utilizar os distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.<br><br>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación. |
| | Utilización de ferramentas dixitais | - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.<br><br>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.<br><br>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. |
| Conciencia e expresións culturais | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.<br><br>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.<br><br>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| | Expresión cultural e artística | - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.<br><br>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.<br><br>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. |
| Competencias sociais e cívicas | Educación cívica e constitucional | - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.<br><br>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. |
| | Relación cos demais | - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.<br><br>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.<br><br>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| | Compromiso social | - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.<br>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.<br>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.<br>- Involucrarse ou promover accións cun fin social. |
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor | Autonomía persoal | - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.<br>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.<br>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.<br>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. |
| | Liderado | - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.<br>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.<br>- Darlles prioridade á consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| | Creatividade | - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.<br>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.<br>- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian. |
| | Emprendemento | - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.<br>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.<br>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.<br>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo. |
| Aprender a aprender | Perfil de aprendiz | - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...<br>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais a prol da aprendizaxe.<br>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. |
| | Ferramentas para estimular o pensamento | - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...<br>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | |
|---|---|---|
| | Planificación e avaliación da aprendizaxe | - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendi-zaxe.<br>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 5.- CONCRECIÓN PARA O CURSO

### 5.1 SEGUNDO DA ESO

#### 5.1.1 Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable

***UNIDADE 1: DEUS, PERSOA, RELIXIÓN***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O ser humano é creado por Deus, libre e intelixente e a sua imaxe e semellanza.<br>- A persoa é un ser relixioso: a relixiosidade.<br>- O relato bíblico «Abrahán e Isaac».<br>- A espiritualidade e a persoa na Biblia; o sen- | BLOQUE I.<br>1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais. | 1.1. Argumenta a dignidade do ser humano en relación ós outros seres vivos. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br>2. Relacionar a condición de criatura coa orixe divina. | 2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respetuosa a orixe do ser humano. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| timento espiritual.<br><br>- Dimensións valores da persoa. | BLOQUE I.<br><br>3. Identificar os persoaxes os valores do relato bíblico «Abrahán e Isaac». | 3.1. Escribe o argumento do relato bíblico «Abrahán e Isaac».<br><br>3.2. Expresa as ensinanzas deste relato para a vida persoal. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>4. Recoñecer expresións simbólicas bíblicas sobre as dimensións persoais, en especial a espiritual. | 4.1. Investiga, coa Biblia, sobre as dimensións humanas.<br><br>4.2. Valora o sentimento espiritual por medio de mándalas. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>SIEP,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>5. Tomar conciencia dos valores e as virtudes fundamentais que permiten un desarrollo de forma integral. | 5.1. Selecciona as dimensións e os valores que debe desarrollar máis para crecer de forma integral. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

**UNIDADE 2: *DIGNIDADE E VIDA CRISTIANA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| - O fundamento da dignidade da persoa.<br>- Características do proxecto persoal de vida cristiá e os principais modelos de vida para o cristián. | BLOQUE I.<br>1. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus. | 1.1. Valora, en situacións do seu entorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| - O relato bíblico «A parábola dos talentos».<br>- O valor do tempo na Biblia e o sentimento de dignidade.<br>- Os proxectos de vida e os seus valores. | BLOQUE I.<br>2. Sintetizar qué é o proxecto de vida cristiá. | 2.1. Define qué son o proxecto persoal de vida e o proxecto de vida cristiá.<br>2.2. Describe a Xesús de Nazaret e á Virxe María como os principais modelos de vida cristiá. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br>3. Expresar o argumento, a interpretación e a ensinanza principal do relato bíblico «A parábola dos talentos. | 3.1. Extrae as principais ensinanzas do relato bíblico «A parábola dos talentos».<br>3.2. Enumera comportamentos que debería realizar cada día para desarrollar as súas capacidades. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE I.<br><br>4. Saber aproveitar ben o tempo e valorar a propia dignidade e a dos demais. | 4.1. Describe cómo investir o tempo para mellorar aspectos da vida persoal.<br><br>4.2. Participa nun cine fórum sobre a dignidade humana. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>5. Reflexionar sobre os proxectos e valores persoais. | 5.1. Expón algunhas ensinanzas para desarrollar un verdadeiro proxecto persoal de vida. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>SIEP |

**UNIDADE 3:** ***ACCIÓN HUMANA E MORAL CATÓLICA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O ser humano colaborador da creación de Deus.<br><br>- Características da ética universal e a moral católica.<br><br>- O relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».<br><br>- A espiritualidade de | BLOQUE I.<br><br>1. Entender o sentido e a finalidade da acción humana. | 1.1. Clasifica accións do ser humano que respetan o destrúen a Creación.<br><br>1.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan al menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>SIEP |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| María de Nazaret e o sentimento de empatía.<br><br>- O valor da liberdade. | BLOQUE I.<br><br>2. Distinguir o fundamental e o máis orixinal da moral católica. | 2.1. Expresa a diferenza e complementariedade entre a ética universal e a moral cristiá.<br><br>2.2. Resume o fundamental e o máis orixinal da moral católica. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>3. Interpretar o relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora» e algunhas das ensinanzas morais. | 3.1. Indica o argumento, as claves de interpretación e algunhas ensinanzas morais que se poden extraer do relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora». | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>4. Dialogar sobre a espiritualidade cristiá e reflexionar sobre o sentimento de empatía. | 4.1. Participa nun debate sobre a espiritualidade cristiá a partires do modelo de María de Nazaret.<br><br>4.2. Autoavalía, a partir dunhas claves de interpretación, o grao persoal de empatía. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>5. Descubrir e valorar a verdadeira liberdade humana. | 5.1. Busca solucións, dende o exercicio da liberdade, a un dilema moral. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

**UNIDADE 4:** ***REVELACIÓN E RELACIÓN CON DEUS***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Deus revelase na historia.<br><br>- O cristián relaciónase con Deus e acepta a súa revelación.<br><br>- O relato bíblico «Deus escoita a Agar e Ismael».<br><br>- O sentimento de reflexión persoal e a | BLOQUE II.<br><br>1. Coñecer e aceptar que Deus revelase n a historia. | 1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>CEC |
| | BLOQUE II.<br><br>2. Describir pautas para relacionarse con Deus. | 2.1. Describe cómo se relaciona o cristián con Deus. | CCL,<br><br>CAA |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| espiritualidade de relacionarse con Deus.<br><br>- O valor da oración. | BLOQUE II.<br><br>3. Resumir o relato bíblico «Deus escoita a Agar e Ismael» e algunhas das ensinanzas que se poden extraer e aplicar hoxe | 3.1. Escribe o argumento, a imaxe de Deus presente no texto e as ensinanzas do relato bíblico «Deus escoita a Agar e Ismael».<br><br>3.2. Investiga a biografía e a resposta de fe de dous mulleres da Biblia. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE II.<br><br>4. Reflexionar e aprender a relacionarse con Deus. | 4.1. Participa nun cine fórum para aprender a relacionarse con Deus.<br><br>4.2. Indaga por medio dun cuestionario a súa actual relación con Deus. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE II.<br><br>5. Descubrir e aprender o valor da oración. | 5.1. Participa nun disco fórum sobre o valor da oración. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

**UNIDADE 5:** ***REVELACIÓN E FE CRISTIANA***

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A aceptación da revelación: a fe.<br>- A orixinalidade da fe cristiá.<br>- O relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».<br>- O don da fe e o sentimento de escoitar.<br>- Os valores da fe cristiá. | BLOQUE II.<br>1. Comprender e valorar que a fe é a resposta é iniciativa salvífica de Deus. | 1.1. Se interesa por coñecer e valora la resposta de fe ó Deus que se revela. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE II.<br>2. Expresar a orixinalidade da fe cristiá. | 2.1. Identifica a fe cristiá como a fe antropolóxica máis completa e verdadeira.<br>2.2. Expón as súas investigacións bíblicas sobre a fe. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE II.<br>3. Expoñer algunhas das principais ensinanzas que se poden extraer do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo». | 3.1. Enumera actitudes e comportamentos que facilitan o impiden a fe.<br>3.2. Expresa algunha das ensinanzas que se poden extraer para a vida actual do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo». | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE II.<br>4. Dialogar sobre a fe e expresar vivencias sobre o sentimento de escoitar. | 4.1. Participa nun debate sobre o don da fe plantexado nun disco fórum.<br>4.2. Escoita e respeta os sentimentos dos demais. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC, |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | SIEP |
| | BLOQUE II.<br><br>5. Expresar os valores virtudes da fe cristiá. | 5.1. Participa nun cine fórum sobre os valores da fe. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>CEC |

## UNIDADE 6: *CÓMO INTERPRETAR A BIBLIA*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| - Características xerais e clasificación dos libros da Biblia.<br><br>- Orixe, composición e interpretación dos Libros Sagrados. | BLOQUE II.<br><br>1. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. | 1.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese polo seu orixe divino. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC<br>,<br>CEC |
| - O relato bíblico «A historia de Xonás».<br><br>- A *Lec*tio Divina e o sentimento de comunicarse. | BLOQUE II.<br><br>2. Coñecer e respetar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica. | 2.1. Lee, localiza e esquematiza os criterios recollidos na *Dei verbum* en torno á interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| - O valor da amizade | BLOQUE II.<br><br>3. Interpretar o relato «A historia de Xonás», seguindo os criterios católicos.. | 3.1. Expón a interpretación e as ensinanzas do relato «A historia de Xonás». | CCL,<br>CAA |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE II.<br><br>4. Descubrir os bos sentimentos que produce dialogar con Deus por medio da Biblia.<br><br>5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico. | 4.1. Segue unhas pautas e practica a lectio divina.<br><br>5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC<br>,<br><br>SIEP |
| | BLOQUE II.<br><br>6. Describir valores e cualidades da verdadeira amizade. | 6.1. Participa nun debate sobre os valores e cualidades da amizade. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |

**UNIDADE 7:** ***O DEUS CRISTIÁN***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| - Xesucristo revela a Deus como Trinidade.<br><br>- Orixinalidade do Deus cristián.<br><br>- O relato bíblico «A parábola del fillo pródigo».<br><br>- Cualidades de Deus: un e trino e o sentimento cristián.<br><br>- O valor da fraternidade. | BLOQUE III.<br><br>1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da divinidade na revelación de Xesús. | 1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián.<br><br>1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza rasgos das divinizades das relixións politeístas e os contrasta coas características do Deus cristián. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>SIEP,<br><br>CEC |
| | BLOQUE III.<br><br>2. Descubrir a orixinalidade do Deus cristián respecto ás outras relixións monoteístas. | 2.1. Compara a orixinalidade do Deus trino do cristianismo coa experiencia de Deus en outras relixións. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |
| | BLOQUE III.<br><br>3. Describir o argumento, claves de interpretación e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo». | 3.1. Explica o argumento e a ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».<br><br>3.2. Analiza e extrae conclusións dun vídeo sobre a relación con Deus. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE III.<br><br>4. Desarrolla a espiritualidade a partires dos atributos de Deus e experimenta o sentimento do amor cristián. | 4.1. Investiga na Biblia sobre os atributos do Deus cristián.<br><br>4.2. Interioriza atributos de Deus e desarrolla a espiritualidade.<br><br>4.3. Participa nun disco fórum sobre o sentimento cristián. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE III.<br><br>5. Vincular o sentido comunitario da Trinidade coa dimensión relacional humana.<br><br>6. Comprender o valor da identidade persoal. | 5.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.<br><br>6.1. Participa nun cine fórum sobre Xesús, como o maior exemplo de identidade persoal. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

***UNIDADE 8: FE, CREDO E VIDA ETERNA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia.<br><br>- Características e verdades de fe da escatoloxía cristiá.<br><br>- O relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».<br><br>- Os textos bíblicos sobre a vida eterna e o sentimento de recollemento.<br><br>- O valor de cambiar. | BLOQUE III.<br><br>1. Descubrir o carácter histórico da formulación do Credo cristiá.<br><br>2. Recoñecer as verdades da fe cristiá presentes no Credo. | 1.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e os relaciona coas verdades de fe formuladas no Credo.<br><br>2.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSEC<br>CEC |
| | BLOQUE III.<br><br>3. Resumir as principais verdades da fe cristiá sobre a vida eterna. | 3.1. Define qué é a escatoloxía cristiá e as verdades de fe da resurrección, o ceo e o inferno. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSEC |
| | BLOQUE III.<br><br>4. Comprender o significado e as claves necesarias para interpretar correctamente o relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo». | 4.1. Describe o significado e principal ensinanza do relato bíblico «O Xuízo Final definitivo». | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSEC<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE III.<br><br>5. Reflexionar sobre a vida eterna dende o sentimento de recollemento. | 5.1. Investiga coa Biblia e extrae conclusións sobre a vida eterna.<br><br>5.2. Dialoga sobre o sentimento de recollemento e paz interior. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSEC<br>SIEP |
| | BLOQUE III.<br><br>6. Concienciarse sobre o valor da conversión cristiá. | 6.1. Participa nun cine fórum sobre o valor e a experiencia de cambiar de vida. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSEC<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

***UNIDADE 9: A IGREXA CATÓLICA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Expansión da Igrexa, as primeiras comunidades.<br><br>- As notas da Igrexa.<br><br>- O relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».<br><br>- Espiritualidade do canto relixioso e sociabilidade.<br><br>- O valor da solidariedade. | BLOQUE IV.<br><br>1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás. | 1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.<br><br>1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica. | 2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidade da Igrexa.<br><br>2.2. Elabora materiais, utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, onde se reflexa a universalidade e apostolicidade da Igrexa. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>3. Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña». | 3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».<br><br>3.2. Investiga coa Biblia sobre a misión da Igrexa. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE IV.<br><br>4. Desarrollar o sentimento de espiritualidade por medio dunha canción relixiosa e de sociabilidade. | 4.1. Participa nun disco fórum sobre o tema «Pescador de homes».<br><br>4.2. Evalúa e reflexiona sobre o seu grado de sociabilidade e convivencia. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>SIEP |
| | BLOQUE IV.<br><br>5. Experimentar o valor da solidariedade. | 5.1. Analiza, toma conciencia e aplica o valor da solidariedade. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |

5.1.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

Para superar a materia de Relixión Católica neste curso o alumno terá que acadar os seguintes estándares:

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS | VALOR |
|---|---|
| Que o alumno recoñeza á persoa humana como criatura de Deus, libre, intelixente e colaborador con Él | 20% |
| Que o alumno interprete correctamente as principais características da Biblia | 20% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | |
|---|---|
| Que o alumno recoñeza o valor dentro da fe, da oración en especial do Credo | 20% |
| Que o alumno coñeza as principais verdades da fe sobre a Santísima Trinidade | 20% |
| Que o alumnos relacione a Xesús como fundador da Igrexa e da súa actividade misioneira | 20% |

5.1.3.- Temporalización

Esta temporalización variará dependendo do desenvolvemento da actividade normal do Centro e das actividades organizadas polos distintos Departamentos.

| Avaliación | Unidade Didáctica |
|---|---|
| 1ª Avaliación | 1- Deus, persoa e relixión<br>2- Dignidade e vida cristiá<br>3- Acción humana e moral católica<br>4- Revelación e relación con Deus |
| 2ª Avaliación | 5- Revelación e fe cristiá<br>6- Como interpretar a Biblia |
| 3ª Avaliación | 7- O Deus cristián<br>8- Fe, Credo e vida eterna<br>9- A Igrexa Católica |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 5.2 CUARTO DA ESO

### 5.2.1 Concreción para cada Estándar de Aprendizaxe Avaliable

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O desexo de encontrarse con Deus.<br>- As relixións: busca do sentido da vida.<br>- O relato bíblico «Rut, a estranxeira».<br>- A espiritualidade da paz interior e o sentimento de busca do sentido.<br>- O valor do diálogo. | BLOQUE I.<br>1. Resumir a vida e as ensinanzas de Buda. | 1.1. Redacta datos sobre a vida e as ensinanzas de Buda. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE I.<br>2. Aprender e memorizar os principais rasgos comúns das relixións. | 2.1. Identifica e clasifica os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) das relixións monoteístas.<br>2.2. Busca información e presenta ó grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas sobre o sentido da vida. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE I.<br><br>3. Investigar os valores que se propoñen no relato bíblico «Rut, a estranxeira». | 3.1. Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Rut, a estranxeira».<br><br>3.2. Describe valores necesarios para mellorar situacións conflitivas actuais relacionadas coas relixións. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>4. Recapacitar sobre a paz nas relixións e a busca de sentido. | 4.1. Recapacita e medita sobre a paz.<br><br>4.2. Participa en debates sobre a busca de sentido da vida. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>5. Reflexionar sobre o valor do diálogo. | 5.1. Autoavalía a súa capacidade de diálogo. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## *UNIDADE 1: EXPERIENCIA RELIXIOSA E REVELACIÓN DE DEUS*

| Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Experiencia relixiosa e experiencia cristiá.<br>- A experiencia cristiá, plenitude da revelación relixiosa.<br>- O relato bíblico «Noé e o diluvio universal.<br>- Actitude relixiosa e éxtase relixioso.<br>- O valor de seguir a un bo mestre. | BLOQUE I.<br>1. Explicar en qué consisten a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá. | 1.1. Define brevemente a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.<br>1.2. Describe a experiencia relixiosa de Xesús. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE I.<br>2. Comparar y distinguir la intervención de Deus en la historia de los intentos humanos de resposta á busca de sentido. | 2.1. Razoa por qué a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.<br>2.2. Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br>3. Enumerar os feitos e ensinanzas relixiosos do relato bíblico «Noé e o diluvio universal. | 3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Noé e o diluvio universal.<br>3.2. Participa en debates sobre ensinanzas presentes no texto. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE I.<br><br>4. Descubrir a actual actitude relixiosa e experimentar o sentimento de éxtase relixioso. | 4.1. Analiza e reflexiona sobre a súa actitude relixiosa.<br><br>4.2. Participa nun discofórum sobre a contemplación. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE I.<br><br>5. Identificar a Xesús de Nazaret coma o mellor mestre para a vida. | 5.1. Participa nun cinefórum sobre o valor de seguir a un bo mestre. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

***UNIDADE 2. DEUS, HISTORIA E IGREXA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A fidelidade de Deus á alianza co ser humano.<br><br>- A dobre realidade da | BLOQUE II.<br><br>1. 1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ó longo da historia. | 1.1. Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| Igrexa na historia da Idade Moderna e da Idade Contemporánea.<br><br>- O relato bíblico de «O profeta Xeremías».<br><br>- O agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo.<br><br>- O valor da fidelidade. | BLOQUE II.<br><br>2. Expresar a dobre dimensión, humana e divina e de acertos e errores, que se dan na vida da persoa e na historia da Igrexa. | 2.1. Resume en qué consiste a dobre realidade da Igrexa na historia.<br><br>2.2. Extrae conclusións sobre a historia da Igrexa nos séculos XV a XXI. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |
| | BLOQUE II.<br><br>3. Indicar a principal ensinanza moral e relixiosa do relato bíblico «O profeta Xeremías». | 3.1. Expresa o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «O profeta Xeremías».<br><br>3.2. Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>SIEP,<br><br>CEC |
| | BLOQUE II.<br><br>4. Reflexionar e experimentar a espiritualidade de agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo. | 4.1. Dialoga sobre a dimensión espiritual do agradecemento.<br><br>4.2. Reflexiona sobre o sentimento de aproveitar o tempo. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>CEC |
| | BLOQUE II.<br><br>5. Concienciarse sobre o valor da fidelidade. | 5.1. Participa nun cinefórum sobre a fidelidade. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

***UNIDADE 3: O MESÍAS E A MORAL DA VIDA PÚBLICA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A figura mesiánica do Servo.<br>- Características da moral católica da vida pública.<br>- O relato bíblico «A historia do rei Saúl».<br>- A práctica da fe cristiá e o sentimento de sufrimento.<br>- O valor do compromiso social. | BLOQUE II.<br>1. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufrinte e o Mesías político. | 1.1. Identifica, clasifica e compara os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político.<br>1.2. Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida. | CCL, CD, CAA, CSEC, CEC |
| | BLOQUE II.<br>2. Sintetizar as características da moral católica da vida pública. | 2.1. Argumenta desde os principios da moral católica da vida pública. | CCL, CAA, CSEC |
| | BLOQUE II.<br>3. Describir as ensinanzas persoais e sociais que se poden extraer do relato bíblico «A historia do rei Saúl». | 3.1. Resume e extrae unha ensinanza do relato bíblico «A historia del rei Saúl».<br>3.2. Expón as cualidades dun bo gobernante segundo a Biblia. | CCL, CD, CAA, CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE II.<br><br>4. Valorar a importancia de practicar a fe e o sentimento de sufrimento. | 4.1. Reflexiona ante dilemas morais que plantexa a vida pública.<br><br>4.2. Participa nun cine fórum sobre o sentido do sufrimento. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |
| | BLOQUE II.<br><br>5. Estimar o valor do compromiso social. | 5.1. Aplica o método ver-xulgar-actuar ante un problema actual da sociedade e a política. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>SIEP |

### *UNIDADE 4: XESUCRISTO, IGREXA E MISIÓN*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A chamada de Xesús a colaborar con Él xera unha comunidade.<br><br>- Compromisos para actualizar a misión de | BLOQUE III.<br><br>1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina la Igrexa. | 1.1. Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús. | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Xesús.<br><br>- O relato bíblico «Xesús chama ós primeiros discípulos.<br><br>- Comunicación con Xesús e sentimento de entrega persoal.<br><br>- O valor da crítica moral. | BLOQUE III.<br><br>2. Hachar compromisos cristiáns para actualizar a misión de Xesús. | 2.1. Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por qué continúan a misión de Xesús. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |
| | BLOQUE III.<br><br>3. Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión. | 3.1. Resume e explica o argumento, as ensinanzas e a simboloxía da pesca milagrosa.<br><br>3.2. Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>CEC |
| | BLOQUE III.<br><br>4. Constatar e expresar cómo a comunicación con Xesús xera o sentimento de entrega persoal. | 4.1. Imaxina e expresa qué lle comunicaría a Xesús.<br><br>4.2. Participa nun cine fórum sobre a entrega persoal. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>CEC |
| | BLOQUE III.<br><br>5. Aprender a ver, xulgar e actuar cristianamente. | 5.1. Describe cómo ser críticos e evitar ser manipulados polos medios de comunicación social. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>SIEP |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

*UNIDADE 5: XESUCRISTO, SACRAMENTOS E MATRIMONIO*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Os sacramentos e a súa clasificación.<br><br>- Características dos sacramentos da Igrexa católica e do sacramento do Matrimonio.<br><br>- O texto bíblico «Canto ó amor cristián».<br><br>- Poesía amorosa da Biblia e o sentimento de salvar o matrimonio.<br><br>- O valor da coherencia persoal e cristiá. | BLOQUE III.<br><br>1. Resumir as principais características dos sacramentos da Igrexa católica. | 1.1. Clasifica e define os sacramentos da Igrexa católica. | CCL, CD, CAA, CSEC |
| | BLOQUE III.<br><br>2. Sintetizar o sacramento do Matrimonio e a súa liturxia. | 2.1. Describe en qué consiste o sacramento do Matrimonio e cál é a súa liturxia. | CCL, CD, CAA, CSEC |
| | BLOQUE III.<br><br>3. Enumerar as características máis orixinais do amor cristián segundo o texto bíblico do «Canto ó amor cristián». | 3.1. Le o texto bíblico do «Canto ó amor cristián» e expresa en qué consiste este amor. | CCL, CD, CAA, CSEC, CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE III.<br><br>4. Expresar a espiritualidade amorosa e o sentimento de fortalecer o vínculo matrimonial. | 4.1. Reflexiona e expresa creativamente a espiritualidade amorosa.<br><br>4.2. Participa nun cinefórum sobre cómo salvar un matrimonio. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE III.<br><br>5. Argumentar ante dilemas con coherencia persoal e cristiá. | 5.1. Participa nun role-playing a partires dun dilema sobre o casamento. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC |

### *UNIDADE 6: IGREXA, MORAL E SEXUALIDADE*

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A pertenenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano.<br><br>- Características, fun- | BLOQUE IV.<br><br>1. Sintetizar os rasgos fundamentais da sexualidade humana. | 1.1. Expón qué é a sexualidade humana. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| damentos, principios éticos e comportamentos da moral católica da sexualidade humana.<br><br>- Os relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller».<br><br>- Afectividade e sentimento de enamoramento.<br><br>- O valor do amor. | BLOQUE IV.<br><br>2. Resumir as características máis importantes da moral católica da sexualidad humana. | 2.1. Describe as características máis importantes da moral católica da sexualidade humana. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>3. Aplicar as claves para interpretar correctamente os dous relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller» e indicar as súas ensinanzas. | 3.1. Expresa o significado dos relatos bíblicos de «A creación do home e a muller». | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>4. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa. | 4.1. Elabora xuizos a partires de testemuñas que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.<br><br>4.2. Expresa o seu sentimento cara Cristo por medio dunha poesía. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE IV.<br><br>5. Discernir o verdadeiro amor. | 5.1. Resolve un dilema moral relacionado co verdadeiro amor. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>SIEP,<br>CEC |

***UNIDADE 7: IGREXA, AUTORIDADE E VERDAD***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Autoridade positiva e autoritarismo.<br><br>- A autoridade eclesial ó servizo da verdade.<br><br>- O relato bíblico <<Susana, Daniel e os dous xuices». | BLOQUE IV.<br><br>1. Diferenciar entre autoridade positiva e autoritarismo. | 1.1. Define e diferenza os termos autoridade legal y xusta, autoridade moral e autoritarismo.<br><br>1.2. Identifica a persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| - A verdade do ser humano e o sentimento de sinceridade.<br><br>- O valor da verdade. | BLOQUE IV.<br><br>2. Distinguir que a autoridade está ó servizo da verdade. | 2.1. Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.<br><br>2.2. Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou pola testemuña. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>3. Expresar o argumento e a mensaxe relixiosa e moral do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuices». | 3.1. Sintetiza o argumento e a mensaxe relixiosa do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuices». | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>4. Reflexionar sobre a defensa da verdade do ser humano e a sinceridade. | 4.1. Enumera acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.<br><br>4.2. Analiza o seu nivel persoal de sinceridade. | CCL,<br><br>CD,<br><br>CAA,<br><br>CSEC,<br><br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE IV.<br>5. Indagar sobre o valor da verdade. | 5.1. Participa nun disco-fórum sobre a verdade. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

***UNIDADE 8: OS CRISTIÁNS E A CIVILIZACIÓN DO AMOR***

| Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A misión da Igrexa no mundo.<br>- Características da civilización do amor que constrúen os cristiáns por todo o mundo.<br>- O relato bíblico «O ceo novo e a terra nova.<br>- Espiritualidade ecolóxica e sentimento de | BLOQUE IV.<br>1. Resumir a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus. | 1.1. Sintetiza por escrito en qué consiste a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus. | CCL,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE IV.<br>2. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo. | 2.1. Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| eternidade.<br><br>- O valor de cambiar o mundo. | BLOQUE IV.<br><br>3. Indicar algunhas claves para interpretar correctamente o relato bíblico «O ceo novo e a terra nova. | 3.1. Cumprimenta a ficha do relato bíblico «O ceo novo e a terra nova.<br><br>3.2. Responde a afirmacións erróneas con argumentos propios. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>4. Desarrolar e vivenciar a espiritualidade ecolóxica e o sentimento de eternidade. | 4.1. Explica a importancia de valorar cada persoa, cada cousa e cada momento.<br><br>4.2. Participa nun cinefórum sobre a vida eterna. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>CEC |
| | BLOQUE IV.<br><br>5. Comprender o valor de cambiar o mundo. | 5.1. Interioriza e enumera comportamentos necesarios para cambiar o mundo. | CCL,<br>CD,<br>CAA,<br>CSEC,<br>SIEP,<br>CEC |

5.2.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

Para superar a materia de Relixión Católica neste curso o alumno terá que acadar os seguintes estándares:

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS | VALOR |
|---|---|
| Que o alumno identifique as principais características do hinduísmo, budismo, xudaísmo, cristianismo e islamismo e as diversas respostas que dan para encontrar o sentido da vida. | 20% |
| Que o alumno recoñeza as principais características da experiencia relixiosa e a experiencia cristiá, recoñecer a fidelidade de Deus e a súa alianza co ser humano na Historia da Salvación. | 20% |
| Que o alumno identifique a Xesucristo como o Servidor, Mesías Salvador e sufrinte de Deus, anunciado e revelado na Biblia, descubrindo que a iniciativa de Cristo a colaborar na súa misión xera unha comunidade que da orixe á Igrexa. | 20% |
| Que o alumno comprenda o sacramento do Matrimonio, coñecendo as principais características e a súa liturxia; así coma o valor de desarrollar a sexualidade humana de forma integral, humana, moral y cristiá. | 20% |
| Que o alumnos distingan entre autoritarismo e a autoridade positiva, o servizo da xustiza, a liberdade e a verdade, coñecendo e apreciando a misión da Igrexa de extender o Reino de Deus na Terra | 20% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

5.2.3.- Temporalización

Esta temporalización variará dependendo do desenvolvemento da actividade normal do Centro e das actividades organizadas polos distintos Departamentos.

| Avaliación | Unidade Didáctica |
|---|---|
| 1ª Avaliación | 1- Relixión Universal<br>2- Experiencia relixiosa e revelación de Deus<br>3- Deus, historia e Igrexa |
| 2ª Avaliación | 4- O Mesías e a moral da vida pública<br>5- Xesucristo, Igrexa e misión<br>6- Xesucristo, sacramentos e matrimonio |
| 3ª Avaliación | 7- Igrexa, moral e sexualidade<br>8- Igrexa, autoridade e verdade<br>9- Os cristiáns e a civilización do amor |

## 5.3 BACHARELATO

Obxectivos

A educación, entendida como un proceso que pretende o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, favorece a maduración do conxunto das súas dimensións, axudándolle a formarse a súa identidade á vez que lle introduce de xeito activo na sociedade.

A dimensión relixiosa, co seu sentido globalizador, é unha das que máis contribúe ao logro dunha auténtica maduración da persoa. O carácter integral da educación reclama unha concepción da realidade, unha cosmovisión, na que se descobre o verdadeiro sentido do que uno é e do que fai.

A etapa de Bacharelato supón, desde o punto de vista psicoevolutivo, a procura da autonomía, o que conleva un permanente contraste entre o presente e a tradición para afrontar o futuro. O alumnado comeza a reler a súa historia á luz da súa propia experiencia, cuestionando o depósito transmitido de saberes, crenzas e experiencias recibidas.

O ensino da relixión católica axuda a iluminar a historia persoal e social, a respectar e interpretar o conxunto de valores e significados presentes na realidade, ofrecendo claves de interpretación que dan sentido ao que facemos.

O artigo 24 do Real Decreto 1105/2014, establece que o Bacharelato ten a finalidade de proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permita desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. A devanditos logros pode contribuír de xeito satisfactorio o ensino da relixión, facilitando o desenvolvemento do xuízo crítico, ensinando a observar e analizar a realidade con respecto, en claves de liberdade, responsabilidade, verdade e

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

apertura á cuestión do sentido.

O presente currículo toma en consideración a aprendizaxe por competencias busca, desde a antropoloxía cristiá, a consecución e dominio das mesmas. Dado que a competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais, esfórzase por reflectir a achega específica que este ensino ofrece ao proceso humanizador que conleva a educación.

A importancia que a materia de relixión outorga á inculturación da fe, nos distintos contextos, é un feito positivo que a converte nun magnífico instrumento para a comunicación e o diálogo nun mundo cada vez máis plural. Á súa vez, asume como punto de partida os obxectivos que se fixan na etapa para o desenvolvemento das diversas capacidades.

- Convén destacar no haber desta materia a axuda á promoción dos dereitos humanos e ao exercicio da verdadeira cidadanía, fomentando a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa. Preocúpase tamén de conseguir no alumnado unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma, desde un espírito crítico e construtivo.
- Non menos importante é a axuda que presta ao alumnado para coñecer e valorar críticamente, desde unha cosmovisión cristiá, as realidades do mundo contemporáneo e os seus antecedentes históricos, destacando o labor da Igrexa en todo o enriquecemento cultural.
- Esta materia promove tamén o desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, mostrando a beleza, a verdade e o ben como fontes do enriquecemento persoal e cultural.

Para o logro destes obxectivos, a través dos procesos de ensino-aprendizaxe, o currículo de relixión en Bacharelato propón a división dos seus contidos en catro bloques temáticos: antropoloxía cristiá, doutrina social da Igrexa, relación razón, fe e ciencia e, para rematar, a Igrexa como xeradora de cultura ao longo da historia. Deste xeito, preténdese que o alumnado dispoña dos suficientes coñecementos, procedementos e actitudes que lle permita dar resposta, desde a cosmovisión cristiá, aos retos que lle presenta o mundo contemporáneo.

Os contidos procedimentais da materia de relixión católica facilitan estratexias e procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal
adquírense ao longo do desenvolvemento curricular e colaboran, de xeito eficaz, á consecución das competencias asignadas no currículo de Bacharelato. Concretamente os contidos procedimentais de Relixión Católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación linguística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

Entre os contidos procedimentais básicos da materia de Relixión Católica atopamos os seguintes:

- Observación da realidade. O feito relixioso nace da apertura do ser humano á realidade total. A materia de Relixión Católica pretende colaborar na formación da dimensión natural que nace do asombro ante o real e empúxanos a preguntas últimas sobre o sentido. Observar é máis que ver e require dun adestramento en disposicións específicas que non refuxan as dimensións espirituais do real.
- Procura de información, manexo e interpretación de fontes bíblicas. O estudo do cristianismo require o manexo das Sagradas Escrituras e textos referidos ás mesmas que forman parte do corpus teolóxico acumulado ao longo da historia.
- Reflexión crítica. O desenvolvemento da materia axuda a coñecer a xénese das ideas dominantes, a detectar prexuizos fronte á verdade, a examinar con profundidade as propias ideas e sentimentos fundamentais.
- Exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas. A materia de Relixión Católica contribúe á formación de competencias que permitan expoñer e defender a racionalidade das propias crenzas relixiosas e o respecto polas alleas.

Para rematar, hai que destacar que a materia contribúe á consecución de contidos de carácter actitudinal que son coherentes cos obxectivos de cada etapa. Permite coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de xeito directo a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas. Por outra banda, favorece o respecto pola diversidade entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación.

A aprendizaxe desta materia ha de contribuír a que os alumnos e alumnas desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Recoñecer e respectar a necesidade de sentido no home.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

2. Comparar manifestacións históricas que permitan desvelar desde sempre o sentido relixioso do ser humano.
3. Dar razón da raíz divina da dignidade humana.
4. Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido.
5. Coñecer e valorar o contexto en que nace e o ensino da doutrina social da Igrexa.
6. Identificar a dignidade humana como clave para unha convivencia xusta entre os homes, diferenciándoa dos recoñecementos que o Estado realiza a través das leis.
7. Coñecer e aplicar os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa a diversos contextos.
8. Coñecer e distinguir os diferentes métodos utilizados pola persoa para coñecer a verdade.
9. Coñecer e aceptar con respecto os momentos históricos de conflito entre a ciencia e a fe, sabendo dar razóns xustificadas da actuación da Igrexa.
10. Ser consciente da necesidade de relación entre ciencia e ética para que exista verdadeiro progreso humano.
11. Coñecer e comparar diferentes acepcións do termo cultura.
12. Ser consciente que a persoa é xeradora de cultura.
13. Caer na conta do cambio que o monacato introduce na configuración do tempo e o traballo.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 5.3.1 SEGUNDO DE BACHARELATO

### 5.3.1.1 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

***UNIDADE 1: O DESCUBRIMENTO MÁIS IMPORTANTE***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| - A orixe do concepto de «persoa».<br>- Definición de persoa.<br>- Ser persoa.<br>- O personalismo como corrente de pensamento a favor da persoa humana. | BLOQUE I. ANTROPOLOXÍA CRISTIÁ.<br>1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade. | 1.1. Comprende e respeta o significado bíblico da afirmación «home e muller creóunos».<br>1.2. Valora a diversidade sexual segundo a proposta cristiá.<br>1.3. Adopta unha postura crítica ante propostas culturais contrarias á afirmación bíblica. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CAA<br>CSEC<br>SIEP<br>CEC |

***UNIDADE 2: SER PERSOA, ¿PARA QUÉ?***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| - A importancia da dignidade do ser humano e a súa desprotección.<br><br>- O mundo actual e a cuestión bioética.<br><br>- As diversas incomprensións actuais respecto á vida.<br><br>- Vida e dignidade, dúas realidades inseparables. | 2. Comprender e respetar os principios fundamentais da Igrexa respecto á vida. | 2.1 Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desarrollo e o final da vida.<br><br>2.2 Posúe argumentos para defender ou dar razóns dende a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen en clase.<br><br>2.3. Explica a razón profunda que ten a Igrexa para considerar fundamental o respeto á vida. | CCL<br><br>CAA<br><br>CSEC<br><br>SIEP<br><br>CEC |

***UNIDADE 3: UN CAMIÑO POR ONDE TRANSITAR: A DSI***

| Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|

| | de avaliación | avaliables | |
|---|---|---|---|
| - A DSI, a persoa e os seus dereitos.<br><br>- A DSI e a vida. | BLOQUE II. DOUTRINA SOCIAL DA IGREXA.<br><br>1. Recoñecer e apreciar o cambio que a Doutrina Social da Igrexa otorga á persoa e á vida. | 1.1 Propón proxectos ou solucions que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.<br><br>1.2. Entende, valora e coñece o papel dos cristiáns na vida pública.<br><br>1.3. Adopta unha postura crítica e respetuosa ante as diferentes opcións políticas. | CCL<br>CMCT<br>CD<br>CAA<br>CSEC<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| - A DSI e o traballo.<br><br>- A DSI e as relacións internacionais.<br><br>- A DSI e a economía.<br><br>- A DSI, guía do actuar cristián. | 2. Deducir as consecuencias que implica a Doutrina Social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía. | 2.1 Descubre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo.<br><br>2.2. Entende o papel da economía e adopta unha postura crítica ante os diversos modelos económicos.<br><br>2.3. Valora todos os intentos que se fomenten sobre o diálogo e o respeto para alcanzar a paz e a cooperación. | CCL<br><br>CD<br><br>CAA<br><br>CSEC<br><br>SIEP<br><br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

***UNIDADE 4: HUMANIZAR A CIENCIA E A TÉCNICA***

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Un mundo de ciencia e de técnica.<br><br>- Os límites da ciencia.<br><br>- Aportacións dos investigadores cristiáns á ciencia e á técnica no contexto actual. | BLOQUE III. RELACIÓN ENTRE A RAZÓN, A CIENCIA E A FE.<br><br>1. Recoñecer o valor social das aportacións realizadas polos investigadores cristiáns. | 1.1. Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas aportacións ó ámbito da ciencia e a técnica.<br><br>1.2. Coñece e valora o aprezo e o recoñecemento da Igrexa pola ciencia.<br><br>1.3. Coñece e valora o aprezo e o recoñecemento da Igrexa pola tecnoloxía. | CCL<br><br>CMCT<br><br>CD<br><br>CAA<br><br>CSEC<br><br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

***UNIDADE 5: EU TEÑO DEREITOS***

| Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A acción evanxelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos. | BLOQUE IV. A IGREXA XERADORA DE CULTURA Ó LONGO DA HISTORIA.<br><br>1. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ó longo dos séculos para que se respete a dignidade do ser humano e os seus dereitos. | 1.1 Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ó home e xustifica a elección realizada.<br><br>1.2. Coñece e acepta as limitacións existentes na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.<br><br>1.3. Esforzase por levar á práctica no seu ambiente cotiá os DDHH reforzándoos cun coñecemento práctico do evanxeo. | CCL<br><br>CD<br><br>CCA<br><br>SIEP<br><br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

***UNIDADE 6: A FE ESTÁ DE MODA***

| Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A expresión da fe xera beleza a través do arte. | 2. Comprender que algunhas creacións culturais son expresión da fe. | 2.1. Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descubre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer a eses artistas.<br>2.2. Entende e valora a relación existente entre arte e fe.<br>2.3. Analiza e valora a presenza dos temas relixiosos e sociais no cine. | CCL<br>CD<br>CCA<br>CSEC<br>SIEP<br>CEC |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

5.3.1.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS | VALOR |
|---|---|
| Que o alumno recoñeza a importancia e a universalidade do termo persoa, relacionandoo co de dignidade e saber distinguir entre dignidade persoal e dignidade moral. | 20% |
| Que o alumno coñeza as respostas que proporciona a Doutrina Social da Igrexa (DSI) ante os problemas sociais, económicos e laborais que plantexa a sociedade. | 20% |
| Que o alumno comprenda e incorpore o saber da fe no conxunto dos demais saberes | 20% |
| Que o alumno identifique os contidos éticos da mensaxe cristiá e sabelos aplicar na construción da sociedade. | 20% |
| Que o alumno recoñeza a importancia e a universalidade do fenómeno relixioso nas diferentes culturas e, en particular, no cristianismo. | 20% |

#### 5.3.1.3 Temporalización

Esta temporalización variará dependendo do desenvolvemento da actividade normal do Centro e das actividades organizadas polos distintos Departamentos**.**

| Avaliación | Unidade Didáctica |
|---|---|
| 1ª Avaliación | 1- O descubrimento máis importante<br>2- Ser persoa ¿para qué? |
| 2ª Avaliación | 3- Un camiño por onde transitar: a DSI<br>4- Humanizar a ciencia e a técnica |
| 3ª Avaliación | 5- Eu teño dereitos<br>6- A fe está de moda |

## 6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos *procedementos de avaliación* recollemos todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia  tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Para avaliación dos estándares de aprendizaxe podemos fixarnos en tres aspectos: a temporalización, os axentes que avalían e as técnicas que usamos.

a) En canto á temporalización na ESO

AVALIACIÓN PARCIAL

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre. A deste último coincidirá  coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

AVALIACIÓN FINAL.

Fará o alumnado unhas tarfas de recuperación, co contido do curso correspondente que servirá para superar a materia.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

b) NO BACHARELATO.

AVALIACIÓN PARCIAL E ORDINARIA.

O longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

Para aqueles alumnos que non pasen as avaliacións ordinarias farán una proba que previamente foi preparando nunhas sesión co profesor.

Haberá una avaliación para aqueles alumnos que non superan a materia ou parte da mesma.

b) En canto ós axentes non só avalía o docente senón que poderiamos ter en conta a avaliación entre iguais.

c) En canto ás técnicas van depender do estándar que se queira avaliar e agrupámolas en catro grandes bloques:  observación na aula, producións escritas e dixitais, intervencións orais e probas específicas. Estes *instrumentos* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos a-lumnos.correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns. OB

Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase das actividades realizadas.  Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografías,informes.PA; traballo na Aula Virtual do centro ou  na plataforma EDIXGAL dos diferentes materiais aportados polo docente

Expresións orais: Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, do seu comportamento, da integración can-

do o traballo sexa en grupo. Participación positiva nas postas en común. Respecto ás quendas nos debates.EO

### 6.1 SEGUNDO DA ESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | OB | PA | EO |
|---|---|---|---|
| Argumenta a realidade do ser humano en relación a outros seres vivos | 50% | 25% | 25% |
| Distingue e debate de forma xustificada e respetuosa a orixe do ser humano | 20% | 30% | 50% |
| Valora, en situacións do seu entorno, a dignidade do ser humano con independencia das súas capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. | 20% | 50% | 30% |
| Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación, cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz | 20% | 50% | 30% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan a ,lo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo | 20% | 20% | 60% |
| Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta da fe neles | 50% | 30% | 20% |
| Interesase por coñecer e valorar a resposta de fe ó Deus que se revela | 20% | 60% | 20% |
| Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina | 30% | 40% | 30% |
| Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbumen torno á interpretación da Biblia valorandoos como necesarios | 30% | 40% | 30% |
| Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica xustificando no grupo a selección dos textos | 20% | 50% | 30% |
| Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano | 40% | 30% | 30% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñece e describe as características do Deus cristián | 40% | 20% | 40% |
| Le relatos mitolóxicos, localiza rasgos das divinizades das relixións politeístas e os contrasta coas características do Deus cristián | 20% | 30% | 50% |
| Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus | 20% | 50% | 30% |
| Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e os relaciona coas verdades de fe formuladas no Credo | 30% | 20% | 50% |
| Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado | 40% | 30% | 30% |
| Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características | 30% | 50% | 20% |
| Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagano | 50% | 30% | 20% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 6.2 CUARTO DA ESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | OB | PA | EO |
|---|---|---|---|
| Identifica e clasifica os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas | 20% | 50% | 30% |
| Busca información e presenta ó grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido | 20% | 50% | 30% |
| Razoa por qué a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa | 30% | 20% | 50% |
| Analiza e debate as principais diferenzas entre revelación de Deus e as relixións | 40% | 20% | 40% |
| Identifica e aprecia a fidelidade permanente de deus que atopa na historia de Israel | 20% | 40% | 40% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus | 50% | 30% | 20% |
| Identifica, clasifica e compara os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político | 20% | 30% | 50% |
| Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida | 20% | 30% | 50% |
| Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús | 30% | 50% | 20% |
| Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por qué continúan a misión de Xesús | 20% | 50% | 30% |
| Elabora xuizos a partires de testemuñas que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade | 30% | 40% | 30% |
| Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen | 20% | 50% | 30% |
| É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que re- | 30% | 30% | 40% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| coñece como mais humana | | | |
| Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñecer nelas a verdade | 50% | 30% | 20% |
| Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servi-zo ou pola testemuña | 10% | 50% | 40% |
| Localiza e xustifica tres acontecemen-tos da historia nos que a Igrexa defen-deu a verdade do ser humano | 20% | 40% | 40% |
| Investiga e debate sobre as iniciáis eclesiáis do seu entorno que colabo-ran na construción da civilización do amor | 50% | 20% | 30% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

## 6.3 SEGUNDO DE BACHARELATO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | OB | PA | EO |
|---|---|---|---|
| Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación “Home e muller os creou”. | 20% | 40% | 40% |
| Coñece e explica os diferentes pro-blemas bioéticos relacionados coa ori-xe, o desarrollo e o final da vida | 50% | 30% | 20% |
| Posúe argumentos para defender ou dar razóns dende a posición cristiá ante situacións reáis ou supostas que se propoñen en clase | 20% | 30% | 50% |
| Descubre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo | 30% | 40% | 30% |
| Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano | 40% | 50% | 10% |
| Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas aportacións ó ámbito da ciencia e da técnica | 30% | 40% | 30% |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nomea e explica situacións históricas na que a Igrexa defendeu con radicalidade ó home e xustifica a elección realizada | 40% | 40% | 20% |
| Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descubre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer a eses artistas | 20% | 50% | 30% |

## 6.4 Organización do alumnado coa materia pendente.

Se un alumno con Relixión Católica se atopara nesa situación terá, no momento que el elixa, unha proba que constará de preguntas e cuestións axeitadas aos obxectivos e contidos mínimos correspondentes ó curso que non teña superado así como aos criterios e instrumentos de avaliación desta programación. Segundo o criterio do profesor poderase substituír a proba pola entrega dun traballo relacionado cos temas correspondentes.

No caso de que non aprobe terá un exame a final de curso.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Neses materiais, este departamento poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar os obxectivos.

A) Se un alumno ten pendente a Relixión Católica do curso anterior e segue cursándoa, valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando os contidos mínimos co rendemento no actual curso. Esa valoración será mediante unha proba escrita ou oralmente mediante preguntas no desenvolvemento das clases habituais. Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes no mes de xuño.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

B) No caso de que o alumno non siga cursando a materia de Relixión realizará, coincidindo coa primeira avaliación, unha proba axeitada ós contidos mínimos. Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno. E a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumno.

**No Bacharelato**, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.

Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.

Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

## 6.5 Avaliación inicial

Realizarase unha proba oral a **principio de curso**, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade. Tal proba terá un **carácter informativo** e non terá validez para a cualificación final.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos **contidos mínimos do curso anterior** da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado.

## 6.6 Metodoloxía e actividades para o periodo comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final da ESO.

Na Eso, o periodo comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final adicarase a actividades de reforzo, recuperación e ampliación. Para o alumnado coa materia

sen superar se realizará un breve informe individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación.

## 7.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.» (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro). Neste sentido, a asignatura de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía centrada na persoa, que respectará os seguintes principios:

- *Recoñecemento do rol do docente*. O docente é peza crave na elaboración da planificación, a elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando, así como á avaliación do proceso. A súa formación e a súa responsabilidade no acompañamiento do proceso de crecemento do estudante resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

- *Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa*. Esta atención, centrada na persoa, permite combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

- *Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes*. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidad e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

- *Consideración da dimensión humanista*. Todas as aprendizaxes están ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentales, cognitivos, actitudinales, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.

- *Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes*. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.

- *Seguimiento dos criterios de avaliación educativa*. Para facilitar o cumprimento destes principios metodológicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se evalúe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garante unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.

- *Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo*. O estudo e reflexión do cristianismo, polo seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativo.

- *Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos*. O ensino da relixión promueve a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

- *Deseño dunha aprendizaxe significativa*, por competencias, e desde o desenvolvemento *das intelixencias múltiples.* O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírlle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe. A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica.

- A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as *narracións bíblicas,* os *relatos sagrados das relixións*, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc. Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

A) Experiencias de educación no sentido da vida.

B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.

C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.

D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.

E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

- A *interdisciplinariedade* polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinariedade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.

- *Diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual*. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.

Debemos darlle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixio-

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal
sas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa**.** Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

## 8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Cada alumno disporá dun caderno persoal e estará matriculado na Aula Virtual do centro e/ou na plataforma EDIXGAL

En xeral botaremos man de:

* Fichas do departamento de carácter dixital
* Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas,Concilio Vaticano II,etc.) dixitalizados
* Videoteca da Biblioteca do Instituto.
* Diversos recursos lúdico-relixiosos na Rede.
* Cancións e actividades musicais.
* Xogos e dinámicas individuais
* Presentacións en Power-Point, recursos on-line.
* Exercicios de valores.

Disporemos polo tanto de diversos materiais e múltiples recursos que posibilitarán a realización das actividades programadas. Ofrecendo múltiples posibilidades para motivar aos nosos alumnos que teñen distintas afeccións e intereses.

## 9.- ATENCIÓN O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Como xa sinalei, a **diversidade** é algo patente, xa que influie nos nosos/as alumnos/as a súa personalidade, evolución, madurez, carencias, ambiente familiar,….;pero ademáis, dentro de esta diversidade, existen determinados alumnos/as que, segundo o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensi-*

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

*nanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio de Educación*, e baseándose no *Artigo 71* de dita Ley requiren: *"Unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiales, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas suass altas capacidades intelectuaiss, por haberse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicions persoales ou de historia escolar"*. Son os que a LOE denomina Alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE); e para eles, fíxanse os principios de atención que son:

.-**Normalización**: pola miña parte no trato cos alumnos/as e entre eles

.-**Sectorización**: dos servicios para persoas con algunha minusvalía

.-**Integración**: dos alumnos/as sen distinción no sistema educativo

.-**Individualización** da enseñanza: que supon unha atención particular a certos alumnos/as como un principio básico do proceso de ensinanza – aprendizaxe

.-**Inclusión**: tratando de fomentar que exista no centro máis que simple integración; dispoñendo dos recursos previamente ás necesidades

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

## 9.1.- Medidas ordinarias de atención á diversidade

**.- Optatividade**

Por suposto esa será a primeira medida de atención á diversidade, xa que a nosa asignatura é de obrigada oferta por parte do centro pero de libre elección por parte do alumnado, xa que non todolos nosos alumnos teñen que ter a mesmas crenzas relixiosas.

## 9.2- Medidas a Nivel Curricular

Son unha serie de medidas extraordinarias que afectan ós elementos prescriptivos do currículo, e serán:

**.- Adaptacións curriculares**

Necesita da autorización da inspección educativa para ser levada a cabo. Están dirixidas a esos alumnos do primeiro ciclo da ESO dos que xa falei que non poden seguir o ritmo ordinario do proceso de ensino – aprendizaxe; o deseño será responsabilidade de cada un de nos na nosa materia, ainda que en colaboración con outros profesionais coma os que conforman o departamento didáctico e o de orientación e terá a duración que consideremos necesaria (xeralmente un ciclo educativo).

## 10.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciables no ensino da Relixión Católica pero, loxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes.  Os elementos transversais coa súa concreción son:

***1 e 2. Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita***

-As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.

-Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.

-Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

***3. Comunicación Audiovisual***

-Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude critica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.

-Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

***4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información***

-Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.

-Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.

-Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

***5. Emprendemento***

-Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

-Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.

-Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

***6. Educación cívica:***

-Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

-Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.

-Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

-Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.

-Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

***7. Prevención de violencia.***

-Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.

-Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.

-Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.

-Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

-Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadament

## 11.- CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO

### 1. Plan lector.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2020 - 2021 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE.

De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

Como accións máis destacadas teremos en conta:

√ Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.

√ Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.

√ Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.

| Lecturas Recomendadas | |
|---|---|
| | Memorias de una rebelde (Mamen del Cuvillo) |
| | Trueno (William Amstrong) |
| | ¿Quieres ser mi amiga? Galit Fink; Mervet Akram Shaban |
| | De Victoria para Alejandro (Mª Isabel Molina) |
| | Pájaro sin hogar (Gloria Whelan) |
| | La mirada (Carlos Puerto) |

| | |
|---|---|
| | El portero de hockey (Rodrigo Muñoz Avia) |
| | De todas maneras (Christine Nostlinger) |
| | Enganchado (Angélika Mechtel) |
| | El tiempo y la promesa (Concha López Narváez) |
| | Juan, un relato de esperanza (Heinz Körner) |
| | Sara (Heinz Korner) |
| | Dios vuelve en una harley (Joan Brady) |
| | Dios en una harley: El regreso (Joan Brady) |
| | El águila y la rosa (Rosemary Altea) |
| | En un rincon del alma (Antonia J. Corrales) |
| | Ella, maldita alma ( Manuel Rivas) |
| | Toni, el pequeño ladronzuelo (Úrsula Marc) |
| | El viajero de sí mismo (Germán Ubillos Orsolich) |
| | Las dos ancianas (Velma Wallis) |
| | Las babuchas de Abu Kassim y otros cuentos árabes sobre el destino (Julio Peradejordi) |
| | Colección La zarza ardiente: |
| | - Tras los muros (Jose Antonio Montull Torguet) |
| | - El canto del grillo (Bruno Ferrero) |
| | - Historias para acortar el camino (Bruno Ferrero). |
| | - El retorno del profeta 1 (Anónimo) |
| | - El retorno del profeta 2 (Anónimo) |
| | La oración de la rana 1 (Anthony de Mello) |

| | |
|---|---|
| | La oración de la rana 2 (Anthony de Mello) |
| | El bufón que no hacía reir (Maena García Estrada) |
| | Jade y los misterios de la vida (Francois Garagnon) |
| | Los 10 secretos de la felicidad abundante (Adam J. Jackson) |
| | Los 10 secretos del amor abundante (Adam J. Jackson) |
| | El viaje de Teo (Catherine Clement) |

## 2. Plan TIC.

As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son un conxunto de técnicas, desenvolvementos e dispositivos avanzados que integran funcionalidades de almacenamento, procesamento e transmisión de datos.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar, valorar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Dentro da área de Relixión Católica fomentarase o uso das TIC´s contribuíndo ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- Visionado de vídeos en Youtube e reportaxes de diferentes televisións, como complemento á explicación do profesor.
- Uso de correo electrónico e de Google Drive para informar aos alumnos da realización dalgunha tarefa e para recepción dos seus exercicios, actividades e traballos.
- Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.
- Procura de información na Web e a súa posterior elaboración.

- Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan (PowerPoint, traballos dixitais,...). Como mínimo farán uso dun procesador de textos.
- Uso da Aula virtual do centro, así como da plataforma EDIXGAL.
- Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Diocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.
- En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.
- Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.
- Consultas e visitas a diferentes portais oficiais do gobernos, asociacións, ong´s e demais, para traballar os elementos transversais e a educación cívica e en valores solidarios.

### 3. Plan de convivencia.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

- Asistencia puntual e diaria ás clases.
- Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

  - Respecto para as persoas que teñen crenzas distintas.
  - Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
  - Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
  - Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
  - Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
  - Escoitar para entender.
  - Respecto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
  - Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
  - Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.

- Colaborar co departamento de Orientación en todas as medidas preventivas, organizativas e de intervención que se desenvolven no centro (acollida ao profesorado novo, ao alumnado novo e ao alumnado estranxeiro no instituto, información e comunicación coas familias, control de faltas de asistencia e puntualidade do alumnado, actuación nos casos de absentismo, actuación nos casos de acoso escolar, uso da aula de convivencia e atención educativa, mediación escolar, igualdade de oportunidades, prevención de consumo de tabaco, alcol e drogas, e fomento de hábitos saudables... )
- Desenvolver actividades acerca da dignidade e dereitos da persoa para concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre o maltrato entre iguais, especialmente sobre o acoso escolar.
- Propoñer a mediación cando xurda un conflito entre os alumnos/as tanto na aula como no centro e non poida resolverse doutro xeito.
- Promover a igualdade de oportunidades nas súas actividades e achegamento ao alumnado, aproveitando días conmemorativos, como o día da muller traballadora, vio-

lencia de xénero, etc, e desde una perspectiva transversal a través dos contidos da materia.

- Colaboracion coa Vicedirección do centro nas actividades, festas, visitas didácticas e viaxes que entre outros obxectivos fomentan a integración, a participación e a convivencia do alumnado e profesorado.
- Respectar, difundir, e recordar ao alumnado o Regulamento de Réxime Interno do centro.

## 12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

*Marco teórico*

Os obxectivos das actividades deste departamento de relixión son:

* Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
* Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto. Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
* Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

As actividades realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización concreta de cada actividade farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo e de outras materias e que ha de ser aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Este Departamento realizará as actividades en interrelación con actividades doutros Departamentos do Centro que xa estean programadas e apoiadas por os organismos responsables.

*Marco práctico*

*Complementarias*

-Xornada Declaración Dereitos Humanos.

-Xornada de solidariedade no Nadal.

-Celebración do Día da Paz..

-Xornada do libro: a Biblia.

*Extraescolares.*

*Se retomarán algunhas das saídas culturais que facía o Departamento antes da pandemia.*

## 13.- METAAVALIACIÓN

Tamén é necesario aparte da avaliación ordinaria, comprobar se a avaliación é a adecuada e polo tanto a información obtida é útil e verídica; é a **Metaavaliación**, xa que con ela *"Se trata de averiguar hasta qué punto la evaluación utilizada ha ampliado sus objetivos y hasta qué punto se ha cumplido la misión que se le había encomendado y hasta qué punto los instrumentos utilizados son adecuados para obtener la información deseada"* (Ruíz Ruíz, 1996).

O **Obxectivo** da metaavaliación é polo tanto, asegurala calidade dos procesos evaluativos, evitar ou corrixir prácticas ilegais, sinalar o camiño para o perfeccionamento e promover unha maior comprensión de ditos procesos; e para iso hai unha serie de características que miña avaliación segue:

.-**Utilidade:** debe ser adecuada para permitirme tomar decisions sobre a programación e poder mellorarla

.-**Viabilidade**: debe ser unha programación posible atendendo varios aspectos como: o tiempo, a min mesma como avaliadora, ós avaliados, a adecuación dos métodos,…

.-**Validez**: debe medir exactamente o que quero avaliar, é dicir debo utilizar as probas máis adecuadas para logralos resultados que busco

.-**Legalidade / Ética**: a miña programación debe respetala lei, dereitos fundamentais dos avaliados….

.-**Fiabilidade**: a información recollida e analizada no proceso de avaliación debe ser leal, para garantizar que o mesmo proceso levado a cabo por outras persoas obtería os mesmos resultados.

Ademais, propoñemos un procedemento de valoración da programación que consiste na aplicación da seguinte escala de observación ao profesorado que imparte cada materia, co fin de que xulgue a súa tarefa no curso segundo os resultados obtidos ao final do mesmo. Podería ser conveniente, ata, que nas reunións trimestrais de avaliación da Programación Didáctica que cada ciclo-departamento desenvolve, téñanse en conta estes puntos para modificar a mesma segundo vaia transcorrendo o curso sen esperar ao final.

## ESCALA DE OBSERVACIÓN PARA O PROFESORADO

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Respectaches a distribución temporal dos contidos por avaliacións. | | | | |
| 2. Aplicaches a metodoloxía didáctica programada. | | | | |

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3. Tiveches en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia. | | | | |
| 4. Aplicaches os procedementos de avaliación programados e axustacheste aos criterios de cualificación. | | | | |
| 5. Aplicaches medidas de atención á diversidade aos alumnos que as requiriron. | | | | |
| 6. Levaches a cabo as actividades de recuperación de materias ou contidos pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade. | | | | |
| 7. Levaches a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe. | | | | |
| 8. Puxeches en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente. | | | | |
| 9. Utilizaches os materiais e recursos didácticos programados | | | | |
| 10. Realizaches as actividades complementarias | | | | |

1.Si contestaches 1 ó 2 a algunha cuestión, sinala que causas, ao teu xuízo, foron as responsables.

2.Indica as características máis positivas do traballo desenvolvido por ti este curso.

3.Sinala os aspectos que consideres que deberías mellorar na túa tarefa para cursos sucesivos.

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.gal

**Vilanova de Arousa**

**Setembro 2022**